

Resolución núm. 2021/6944

RESOLUCIÓN

Nomeamento de don Emiliano Rodríguez González como administrativo do Gabinete de Presidencia, en réxime de persoal eventual.

A Corporación Provincial, na sesión ordinaria do día 28 de maio de 2021, acordou modificar as determinacións 2ª e 3ª da Relación de Postos de Traballo da Deputación no relativo ao persoal eventual, no seguinte sentido: “*Suprímese un posto de administrativo ao servizo do Grupo de Ciudadanos e engádese un posto de administrativo ao Gabinete de Presidencia*”.

Por conseguinte, queda vacante un posto de administrativo, reservado a persoal eventual e adscrito ao Gabinete de Presidencia.

De conformidade co establecido no artigo 104.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, de bases de réxime local, o nomeamento de persoal eventual é libre e corresponde á Presidencia.

Polo exposto, DISPOÑO:

1.- Nomear a don Emiliano Rodríguez González con NIF como administrativo do Gabinete de Presidencia, en réxime de persoal eventual, con efectos do día un de agosto de dous mil vinte e un.

2.- O presente nomeamento será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa inmediata executividade e da súa notificación ao interesado.

Así o dispón e o asina a Presidencia, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.